

O SOÑO DA FEBRE

(2007)
(RELATO BREVE)

Este libro ten un protagonista singular: a febre. A febre como personaxe, como metáfora da imaxinación, do soño, da literatura en definitiva. Partindo dun episodio real da vida do autor (un ataque febril no Cairo), Murado vai presentando unha galería de historias sorprendentes, ás veces oníricas, ás veces simbólicas e sempre presididas polo fantasma da febre.

Na liña de *Memoria de derribos*, o autor volve explorar así o seu persoal universo imaxinario



LAPIDARIO DOS HETERODOXOS

(2004)
(POESÍA)



Unha serie de epitafios de personaxes da historia da literatura e do pensamento. Poesía narrativa, nun xogo máis ou menos metaliterario, con poemas que toman como materia literaria a biografía nas que Murado intenta reducila a unha breve fór-

HISTORIAS PEREGRINAS

(1995)
(TEATRO)

Recrea a vida das compañías de cómicos ambulantes que percorrían a Península nos séculos XVI e XVII e, paralelamente, o esquema do auto sacramental. Tal parodia permítelle a Murado unha reflexión desenfadada dos eternos conflitos da identidade do ser humano, apreixado entre a vocación terrenal e a súa vocación transcendente. Unha reflexión verbo da vella metáfora do gran teatro do mundo.



MIGUEL ANXO MURADO NA BIBLIOTECA ALEXANDRE BÓVEDA



Lugo (1965). Licenciado en Xeografía e Historia, arqueólogo de formación, dedícase profesionalmente ao xornalismo (columnista habitual de xornais como *El Mundo*, *Tiempos*, *El Correo Gallego*,... ; enviado especial na guerra da ex-Yugoslavia entre 1991 e 1993...).

Tamén traballou para as Nacións Unidas, o Goberno da Autoridade Palestina (ocupou os cargos de Xefe de Relacións Exteriores do Ministerio de Medio Ambiente palestino en Ramallah e do Ministerio Especial para Belén 2000, e o de Oficial de Prensa adxunto ao Comité Executivo da OLP). No ano 2000 traballou como correspondente da axencia de noticias Europa Press e de Radio France Internacional e do diario español *El Mundo*.

Paralelamente desenvolveu unha intensa actividade como guionista de cine e televisión (recibiu o Premio Carlos Velo para guionistas da Xunta de Galicia). En televisión, escribiu e realizou unha dúcia de documentais sobre xeografía, literatura e política. Así mesmo, colaborou en varias series de televisión, entre elas as populares *Pratos combinados* e *Mareas vivas*.

En 2005 recibiu o Premio Francisco Fernández del Riego polo seu labor periodístico.

DE SOÑOS E DERRIBOS

(1986)

(Novela)

[Máis tarde publicada como *Memoria de derribos*].



Dous homes e unha muller falan unha noite de lúa na terraza dunha cafetería... de soños e de derribos, de casas e de soños, todo cunha estrutura peculiar na que os relatos se ven interrompidos por unha historia continuada e logo unha segunda parte que se centra nunha casa, metáfora das te-

MÉRCORES DE CINZA

(1998)

(Relato breve)


Textos que se encaran coa dor secreta do ser humano, nunha reflexión que penetra na natureza da condición vital, apreciada en situacións extremas. Relatos densos e lacónicos, cheos de sentidos simbólicos.



RUÍDO. Relatos de guerra

(1995)

(Relato breve)



Historias que transcorren nas guerras da antiga Iugoslavia, que o autor viviu como correspondente: xornalistas, mercenarios, cooperantes, civís e soldados comparten esta mestura de lembranzas e ficción sobre o medo, a violencia ou a loita pola supervivencia.

PÍDEOS

NA NOSA BIBLIOTECA




MATERIA PRIMA.

(2002)

(Relatos contemporáneos)

É un mapa, unha cartografía que orienta ao lector a través da Inarraativa galega contemporánea..



Son, todos, relatos inéditos, escritos especialmente para a ocasión por diferentes autores; entre eles, Murado que participa co relato "OS OUTROS".

FIN DE SÉCULO EN PALESTINA

(2008)

(CRÓNICA XORNALÍSTICA)

Enviado polas Nacións Unidas, o autor permanecerá cinco anos na zona. Alí viviu toda clase de situacións dramáticas e cómicas, e este é o relato autobiográfico desa experiencia persoal na paz e na guerra.



CLUB DE LECTURA Alexandre Bóveda
<http://leraboveda.blogspot.com>